

**CONCRECIÓN ANUAL DO
PLAN DE CONVIVENCIA**

**CURSO ACADÉMICO
2022 - 2023**

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE:

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
3. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS
 - 3.1. Medidas preventivas e de sensibilización.
 - 3.2. Actuacións organizativas e curriculares e de coordinación.
4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN DO ACOSO ESCOLAR.
5. CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU ÓRGANOS RESPONSABLES
6. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.
7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO
 - 7.1. Dereitos e deberes
8. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECIÓNS
9. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA
 - 9.1. Composición e periodicidade das reunións.
 - 9.2. Plan de actuación da aula de convivencia inclusiva
 - 9.3. Mediación escolar.
10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN (interna, coas familias, con outros organismos)
11. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA
12. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.
13. PROPOSTAS DO CLAUSTRO.

BASES LEXISLATIVAS

Para a elaboración deste Plan partimos da seguinte lexislación:

- **Lei Orgánica 8/1995, do 3 de xullo**, reguladora do dereito á educación.
- **Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro** (LOMLOE) pola que se modifica a **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio** de educación (LOE).
- **Lei 4/2011 do 30 de xuño** (DOG 15 de xullo), de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro** (DOG do 27 de xaneiro), polo que se desenvolve a anterior Lei.
- **Orde do 8 de setembro de 2021** que desenvolve o recollido no **Decreto 229/2011 do 7 de decembro** de atención á diversidade en Galicia
- **I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020**
- **Protocolo para a prevención e control do absentismo escolar**
- **Protocolo Xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar**
- **Protocolo de identidade de Xénero**
- **Protocolo Xeral para a prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.**
- **Plan de benestar Emocional**
- **Guía de Actuacións ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.**

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN

O noso colexio é un CEIP Plurilingüe polo que conta coa etapa de educación infantil e primaria, no que conviven a diario 242 alumnos e alumnas de entre 3 e 12 anos. Esta diferenza de idades fai que os comportamentos e as relacións sexan moi diversos.

En xeral a no colexio non hai problemas salientables de convivencia inda que a diversidade do alumnado cada vez é máis ampla e iso implica maior implicación e colaboración da comunidade educativa. O tipo de conflitos que son máis frecuentes teñen que ver coas agresións verbais entre o alumnado, normalmente da mesma clase.

Á hora da elaboración deste, plan partimos dunha concepción do conflito como algo inherente á convivencia, xa que cando as persoas se relacionan é normal que xurdan diferenzas que poidan dar lugar a situacións nas que non todos/as estamos de acordo. O propósito deste Plan é que se reflexione sobre estes conflitos e que busquen as opcións de reparar o dano se é que o houbo; e así transformalos en fonte de aprendizaxe interpersonal e intrapersonal, social e en definitiva, unha aprendizaxe sobre a resolución de conflitos de xeito pacífico para o longo das súas vidas.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer e divulgar a comunidade educativa da información recollida nos protocolos establecidos pola Consellería para a prevención de situacións que poidan romper o clima de convivencia do noso centro.
- Fomentar o diálogo e o respecto mutuo entre iguais.
- Concienciar á Comunidade Educativa da importancia da educación na convivencia para formar persoas respectuosas e tolerantes.
- Sensibilizar ás familias de que son os primeiros axentes responsables da educación das súas crianzas e da importancia dos modelos de relación e comunicación familiar.
- Propiciar unha organización escolar que rompa coas barreiras que impidan un clima de convivencia agradable e evite conflitos.
- Recoñecer a necesidade de normas consensuadas que regulen a convivencia.
- Ensinar e ofrecerlle ferramentas ao alumnado para relacionarse axeitadamente entre eles e con outras persoas, respectando os dereitos e liberdades dos demais, facendo respectar os seus dentro dun clima de confianza e concordia.

- Establecer estratexias comúns do profesorado en relación coa convivencia.
- Dotar ao alumnado de estratexias para afrontar pacificamente os conflitos que xurdan das relacións entre iguais e entre cativada e profesorado.
- Fomentar actitudes de tolerancia e respecto á diversidade que faciliten a integración social de todos os membros da comunidade educativa.

3. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS

3.1. Medidas preventivas e de sensibilización.

Con relación á prevención non se pode entender o Plan de Convivencia sen ter en conta o Plan de Acción Titorial, xa que na titoría é onde se establecen as bases da convivencia grupal, onde o profesorado desenvolve actividades relacionadas con dinámicas de coñecemento e consolidación de grupo-clase, modela o comportamento do alumnado e ensina pautas e estratexias de comunicación positiva.

Salientamos as seguintes actuacións titoriais:

ACTIVIDADES DE ACOLLIDA:

❖ Infantil:

- Reunión cos pais e nais en xuño.
- Entrevistas individuais coas familias.
- Período de adaptación do alumnado.
- Reunión cos pais e nais en setembro.

❖ Alumnado que cambia de titor/a, nivel ou ciclo:

- Reunión coas familias en setembro.
- Reunión de coordinación titores (actuais - anteriores) para coñecer a dinámica da aula no pasado curso, organización e funcionamento, incidencias máis frecuentes, como se solucionaban os conflitos.
- Análise dos expedientes do alumnado para coñecer as posibles dificultades curriculares e de convivencia e poder organizar a aula.
- Actividades de acollida ao alumnado: actividades de presentación, de coñecemento das normas da clase, da organización e do funcionamento,...

- ❖ Alumnado de nova incorporación ao centro:
 - Entrevistas individuais coas familias.
 - Análise dos expedientes do alumnado para coñecer as posibles dificultades curriculares e de convivencia e poder organizar a aula.
 - Atención especial os primeiros días, actividades de presentación, de coñecemento das normas da clase, da organización e do funcionamento do centro, consecuencias do non cumprimento das normas de convivencia.
- ❖ Alumnado procedente do estranxeiro (o colexio dispón xa dun protocolo de actuación nestes casos).
 - Creación dun clima de convivencia acolledor e aberto, baseado no respecto mutuo que favoreza a dinámica escolar e axude a previr conflitos e a sabelos afrontar de xeito positivo.
 - Actividades de presentación e coñecemento dos alumnos e alumnas (xogos, debuxos, escrita...)
 - Atención especial ao alumnado novo no centro (posibilidade dun alumno - guía).
 - Normas razoadas de convivencia na titoría (murais explicativos, tarxetas recordatorio...), rutinas da clase. Responsabilidades e alumnado responsable (procurarase facer o tránsito de infantil á primaria gradualmente).
 - Recordatorio das normas de convivencia do colexio: asistencia e puntualidade, entradas e saídas, recreos, pautas para a resolución de conflitos...
 - Observación sistemática das relacións dentro do grupo de cara á identificación de posibles dificultades.
 - Traballo sistemático de establecemento e afianzamento de condutas de convivencia pacífica e actitudes de tolerancia e rexeitamento da violencia, a excesiva competitividade, o menosprezo ós compañeiros e compañeiras mediante o modelado por parte do profesorado e a atención especial á solución de conflitos de convivencia.

OUTRAS ACTUACIÓNS DO CENTRO FACILITADORAS DA CONVIVENCIA POSITIVA

- Recibimento e saúdo á entrada ao colexio por parte do profesorado.
- Organización dos espazos no patio durante o recreo de xeito que se fomente a interacción entre iguais con respecto e libre de situacións contrarias á convivencia.
- Actividades xerais do colexio que fomentan a idea de grupo, a pertenza a un colectivo con fines comúns: festivais, celebracións, saídas, actos conxuntos.
- Contemplan no horario escolar un tempo para analizar e reflexionar sobre os conflitos que se producen a miúdo e a forma de resolvelos (en Educación Infantil e 1º, 2º e 3º poden ser durante a asemblea ao chegar, e de 4º a 6º de primaria pode ser unha vez á semana ou quincena nunha sesión fixa e cunhas determinadas condicións.
- Desenvolvemento de Programas de Aprendizaxe Cooperativa.

3.2. Medidas organizativas, curriculares e de coordinación.

Medidas Organizativas:

Agrupamento do alumnado, de xeito que os grupos sexan homoxéneos dentro do mesmo nivel e favorezan un bo clima escolar:

- Co alumnado de 3 anos faremos dous grupos homoxéneos tendo en conta a idade, o sexo, o alumnado NEAE e a orde alfabética.
- Para favorecer o establecemento de relacións estables entre o alumnado e potenciar a cohesión do grupo, este agrupamento mantense basicamente durante toda a escolaridade con algúns criterios engadidos na primaria, que producen pequenas modificacións, a saber:
 - Os grupos que escolaricen alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) poderán ter unha redución de matrícula, determinada polo Departamento de Orientación, tendo en conta as características individuais do alumno/a, as características dos grupos e as necesidades do nivel.
 - Distribuiranse entre os dous grupos o alumnado que precisen intervención individualizada por parte da especialista en pedagogía terapéutica.
 - Nos niveis onde exista alumnado repetidor, estes repartiranse entre os dous grupos. Este reparto farase por consenso entre o profesorado, tendo en conta as características individuais desas persoas e as dos grupos onde se vai a incluír.

- O alumnado de novo ingreso, incorporárase ao grupo de menor matrícula (respectando a redución por alumnado con NEAE).
- En caso de igualdade irán o que lles corresponda tendo en conta os criterios anteriores.
- Excepcionalmente, o Departamento de Orientación valorará o cambio de grupo de algún alumno ou alumna, a proposta razoada do titor/a ou do pai/nai e debidamente xustificada.

Medidas curriculares:

Serán aquelas que se desenvolvan no centro orientadas á prevención e a conseguir un adecuado clima no centro:

- Información sobre a normativa ás familias e alumnado a través das reunións de comezo de curso, titorías, entrevistas...
- Debate e consenso co alumnado sobre os dereitos e deberes do alumnado e o profesorado a comezo de curso.
- Elaboración de normas específicas para o grupo-clase.
- Fomento das relacións interpersoais entre o alumnado grupo-clase aproveitando os momentos das actividades complementarias: saídas culturais, excursións, celebracións.
- Fomento da convivencia a través da realización da actividade física e musical, favorecendo as relacións entre iguais a través do grupo e de actividades colectivas.
- Promoción da convivencia con outros centros mediante actividades inter-centros
- Participación en actividades organizadas polo concello e a ANPA.
- Concienciación e sensibilización por medio de diferentes contratos – programa e plans que se desenvolven no centro.

Actuacións de coordinación:

▶ Profesorado

- 1) En primeira instancia correspóndelle ao profesorado de cada grupo a prevención dos conflitos e velar polo cumprimento das normas de convivencia tanto na aula como noutras dependencias do centro e na realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do recinto escolar.
- 2) Todo o profesorado ten a labor de respectar e facer respectar as normas de convivencia do centro e corrixir aquelas conductas e comportamentos que vaian en contra de ditas normas de conformidade co disposto no regulamento de normas, organización e funcionamento do centro (NOFC)
- 3) Todo o profesorado está obrigado a participar nas dinámicas da resolución dos posibles conflitos na comunidade educativa.

▶ Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

Correspóndelle propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia.

▶ Claustro

Deberá coñecer e aplicar os procedementos que nos diferentes protocolos vinculados á mellora da convivencia hai, asesorados polo Departamento de orientación e co visto e prace da dirección do centro.

▶ Titores/as

1. Correspóndelle aos titores/as, no ámbito del Plan de Acción Titorial, a coordinación do profesorado que imparten docencia ao grupo de alumnos/as da súa titoría, mediando entre profesores/as, alumnos/as e familias.
2. Os titores/as impulsarán as actuacións que se leven a cabo, dentro do Plan de Convivencia, co alumnado do grupo da súa titoría e incorporarán nas súas sesións contidos proactivos para a mellora da convivencia escolar.
3. Os titores trasladarán por escrito ao alumnado do seu grupo as normas de convivencia do centro.
4. Os titores/as terán coñecemento das actuacións inmediatas e das medidas adoptadas polo profesorado que imparta docencia no seu grupo de titoría, co obxecto de resolver

os conflitos e conseguir un adecuado marco de convivencia que facilite o desenvolvemento da actividade educativa.

▶ **A dirección**

- a) A dirección do Centro, favorecerá a convivencia no Centro, garantindo no seu caso- a mediación na resolución dos conflitos, resolverá os mesmos e imporá as medidas correctoras ao alumnado cando así lle corresponda, en cumprimento dos criterios fixados no NOF, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución do conflitos nos centros.
- b) A dirección poderá delegar noutros órganos e membros da comunidade educativa a competencia para a imposición de medidas correctoras ou sancións que procedan. A dirección do Centro comunicará á Inspección e a Consellería competente en materia de educación, calquera feito que considere poida ser constitutivo de delito o falta perseguible penalmente.

▶ **Consello escolar**

1. Será informado do Plan de Convivencia e das NOFC, garantindo a efectiva participación de todos os sectores da comunidade educativa.
2. Velará polo correcto cumprimento dos dereitos e deberes do alumnado.
3. Propondrá medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.
4. Coñecerá da resolución de conflitos disciplinarios e velará porque se atean á normativa vixente.
5. Avaliará os resultados da aplicación das normas de convivencia do Centro, analizará os problemas detectados na súa aplicación efectiva y propondrá, no seu caso, a adopción das medidas para a súa resolución.
6. Propondrá actuacións de carácter educativo en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade escolar.

4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

Seguirase o Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso da Consellería.

Os pasos a seguir son os que aparecen a continuación:

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.

- a) Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar.
- b) Medidas urxentes de protección á presunta vítima.
- c) Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima.
- d) Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado.
- e) Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación.
- f) Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos.

Segunda fase. Recollida de información. Rexistro.

- a) Entrevista individual á vítima.
- b) Entrevista individual á persoa ou persoas responsables do acoso.
- c) Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras.
- d) Entrevista individual ás familias.
- e) Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro.
- f) Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos.

Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas.

- a) Análise da información.
- b) Adopción de medidas de protección á vítima e medidas reeducadoras para a persoa ou persoas agresoras.
- c) Outras medidas co grupo-clase, coas familias, co equipo docente.
- d) Comunicación á Inspección Educativa.

Cuarta fase. Seguimento das medidas adoptadas. Rexistro.

5. CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU ÓRGANOS RESPONSABLES

Sempre que xurda un conflito o equipo directivo nomeará a xefatura do departamento de orientación, como a encargada de levar a cabo a primeira e a segunda fase do protocolo, así como a análise da información pertencente á terceira fase. A partir dese momento,

dependendo dos resultados obtidos poderá nomear a outros membros do claustro..

6. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.

INTRODUCCIÓN

As habilidades sociais pódense considerar como un conxunto de conductas sociais dirixidas cara a un obxectivo (no ámbito escolar: a socialización, a empatía, a asertividade...) que se poden aprender e o individuo pode controlar.

A escola como institución, xunto coa familia e en coordinación con ela, pode promover a competencia social do seu alumnado a través da ensinanza-aprendizaxe das habilidades sociais, aplicándoas a través de metodoloxías inclusivas e tendo en conta o Deseño niversal da Aprendizaxe (DUA.)

Este programa vai dirixido ao alumnado de E.P.

OBXECTIVOS

1. Desenvolver no alumnado conductas de interacción básicas no contexto social cotiá (entre iguais e cos adultos).
2. Desenvolver no alumnado conductas que lle permitan comunicar sentimentos, opinións e afectos de forma asertiva.

CONTIDOS A TRABALLAR

A. Habilidades básicas de interacción social

- O sorriso
- A mirada
- Os saúdos
- Pedir e conceder favores.

B. Habilidades para relacionarse cos iguais

- Os cumpridos
- Compartir
- Xogo cooperativo
- As presentacións
- As conversacións
- Actuar por quendas

C. Habilidades para expresar sentimentos, emocións e opinións

- Formular queixas
- Aceptar e rexeitar críticas
- Dicar “non”
- Preguntar por que
- Expresar emocións

METODOLOXÍA

- a) Partirase do impulsado polo DUA
- b) Instrución verbal. Para lograr o concepto da habilidade que se vai a traballar.
- c) Modelado. Para mostrar aos alumnos/as como facer a habilidade e como articula os pasos que a conforman.
- d) Ensaio e práctica (Role- playing, intercambio de papeis, información do titor/a, discusión en pequenos grupos). Para conseguir a habilidade observada.
- e) Información (feedback). Para indicarlle ao alumnado como fixeron o ensaio e a práctica.
- f) Reforzamento social (verbal, xestual, físico ou mixto) para aumentar motivación e / ou estimular a participación.
- g) Tarefas. Para xeneralizar o aprendido a momentos diferentes do proceso de ensinanza.

ESTRUCTURACIÓN DE CADA SESIÓN

A - Presentación:

1. Habilidade que se traballa
2. Obxectivo
3. Que é e para que serve

B - Desenvolvemento

1. Traballamos.
 - * Dramatización.
 - * Reflexionamos
2. Trasladamos o aprendido a outras situacións.
3. Que foi o que aprendemos.

AVALIACIÓN

- A - Mediante a observación directa.
- B - Informe doutras persoas.
- C – Dinámicas de autoavaliación.

7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Para a elaboración das normas de convivencia do noso centro partiremos do disposto no Decreto 8 / 2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A **convivencia escolar** é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras, nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia, entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

Co Plan de convivencia pretendemos recolleras liñas xerais de actuación para a mellora da convivencia no centro docente no día a día. Os principios dos que parte este plan están recollidos no artigo 3 deste decreto.

Dereitos das familias ou titoras/ es legais

As nais e pais ou as titoras/es legais, en relación coa educación das súas crianzas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas Leis Orgánicas de educación:

1. A ser respectados e recibir un trato axeitado polo resto da comunidade educativa.
2. A estar informados sobre o progreso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o cal se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
3. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
4. A ser oídos, nos termos previstos pola presente Lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de conductas contrarias á convivencia das crianzas.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración

co profesorado e cos centros docentes.

- b) Coñecer as normas establecidas polos docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Dereitos e deberes do alumnado

Se lle recoñecen ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo do establecido nas Leis Orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra ás situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da presente lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son **deberes** básicos da convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa no centro.
- c) Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, a integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer bo uso das instalacións e materiais do centro.

- f) Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.
- g) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Dereitos e deberes do profesorado

- ❖ Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, se lle recoñecen os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato axeitado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e da sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un axeitado ambiente de convivencia durante clases e actividades e servicios complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica axeitada ás súas funcións docentes.
- f) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

- ❖ Son **deberes** do profesorado:

- a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, en caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigacións de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a

atención aos mesmos que lle impoña a normativa de aplicación.

e) Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Dereitos e deberes do persoal de administración e de servicios

- ❖ Ao persoal de administración e de servicios dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, se lle recoñecen os seguintes **dereitos**:
 - a) A ser respectado, recibir un trato axeitado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente axeitado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
 - d) Á protección xurídica adecuada as súas funcións.
 - e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da presente lei.

- ❖ **Deberes** do persoal de administración e de servicios:
 - a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
 - b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
 - c) Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.
 - d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto ás actuacións relacionadas co ámbito educativo das que tivera coñecemento.”

8. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECIÓNS

Capítulo II da Lei 4/2011, del 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Clases de condutas contrarias á convivencia.

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes se clasifican en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.

Cando calquera membro da comunidade educativa enténdese cos feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, haberá de comunicalo á dirección do centro para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Se consideran condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, ideas políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito ao honor, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar de acordo ao establecido polo artigo 28 da presente lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens de outros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigosos para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o apartado terceiro do artigo 11 da presente lei cando se lle requira polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Condutas leves contrarias á convivencia

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As conductas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no apartado a), os actos de discriminación do apartado b), os actos de indisciplina do apartado c), os danos do apartado g), os actos inxustificados do apartado h) e as actuacións prexudiciais descritas no apartado i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requerida en dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúan conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co apartado j) do artigo anterior.
- c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de impuntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e o equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

As condutas gravemente prexudiciais para la convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos y dúas semanas. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado terá que realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado terá que realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.
- g) Permanencia nunha aula de convivencia durante as sesións que se considere oportuno durante o día lectivo.

Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo de clase por un período de ata unha semana.
- h) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado terá que

realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

i) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado terá que realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

9. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

9.1 Composición e periodicidade das reunións.

Elisa Fernández Guisande (directora)

Elena Justo Romero (xefa de estudos)

Pilar Fernández García (orientadora)

Paula Lago Lorenzo (nai)

A Comisión de Convivencia reúnese **unha vez** por **trimestre** en caso de ser necesario, e as veces que o precise con carácter extraordinario.

9.2. Aula de convivencia inclusiva

Esta aula está destinada a ese alumnado que presenta condutas disruptivas e que necesita un tempo para acougar e reflexionar sobre o sucedido e fomentando os principios que determinan a cultura da paz; é dicir, respecto a vida, rexeitar a violencia, compartir cos demais, escoitar aos outros para entender...

Con esta aula preténdese ofrecer ao alumnado con problemas conductuais, un recurso para traballar a autoxestión emocional, sen alterar o clima do grupo-aula. Non é tanto unha zona de castigo por mal comportamento senón de reflexión desa conduta non desexada.

Esta aula de convivencia, sitúase no 2º andar e funcionará segundo o establecido na normativa vixente. Que supervisa dita aula de convivencia será o profesorado que estea de garda e que teña máis formación na resolución de conflitos.

9.3. Mediación escolar

Cando no centro se produza un conflito entre persoas que forman parte da comunidade escolar, calquera pode solicitar ao servizo de mediación. Para iso terá que

encher unha solicitude onde explique o conflito. Este primeiro informe chega a un profesor/a, por elección da dirección, para falar co a outra persoa e ver se acepta a mediación. Esta última persoa se acepta tamén cubre unha solicitude coa súa versión do conflito.

A persoa mediadora non emitirá suízos, nin fará valoracións nin tomará partido por ningunha das partes, intentará reconfortar e dar confianza ás persoas.

Unha vez feita a mediación por separado se buscan datas para realizar unha mediación conxunta, onde estean as partes implicadas procurando evitar trastorno na posible marcha do centro e das clases. Despois de decidir o momento tamén hai que decidir o lugar onde se fará a mediación (por norma xeral no despacho de dirección ou de orientación)

Definidos o espazo e o tempo, as partes en conflito reúnense co mediador e comeza o proceso do mesmo: entrada, exposición, situar o conflito, buscar solucións e acordos. Pode suceder que en ocasións necesítase máis dunha sesión porque algunha das partes non quere estar aí, recordar que sen voluntariedade non existe proceso de mediación.

Por último e de vital importancia dotar ao proceso de total confidencialidade. Nos informes que se realicen non se porán os nomes e apelidos dos implicados, pódese mencionar o colectivo ao que pertencen os implicados e os datos, feitos e informacións que se derivan do caso.

10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

INTERNA:

- a) Reunións dos equipos docentes de curso para unificar criterios nas medidas a aplicar a fin de evitar contradicións na resolución de conflitos. Farase unha por trimestre.
- b) Reunións de orientación co profesorado.
 - Coas familias:
 - a) Reunión xeral coas familias ao principio do curso.
 - b) Entrevistas individuais dos titores coas familias.
 - c) Reunións da orientadora coas familias.

EXTERNA con outros organismos:

- a) Reunións entre orientadores do IES de Mos e do noso centro.
- b) Participación en iniciativas do concello.
- c) Reunións cos servizos sociais en todos aqueles aspectos no que se requira a súa intervención.
- d) Reunións cos Servizos de Atención Temperá (SAT)

- e) Reunións coas asociacións que teñan convenios de colaboración coa Consellería coma Menela, San Rafael, FXAG
- f) Participación coa delegación do goberno no plan director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.

11. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Os membros do claustro recibirán unha copia no seu correo electrónico deste documento.

As familias terán acceso ao Plan de Convivencia ben a través da páxina web do centro ou ben acudindo á xefatura escolar do centro onde se gardará unha copia para a súa consulta.

12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

A comisión da Convivencia é o órgano encargado de facer o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia.

Nas reunións analizaranse os partes de incidencias mensuais das correspondentes titorías: as faltas máis frecuentes, as medidas adoptadas no colexio, resposta das familias e do alumnado, de cara a identificar os ámbitos a reforzar e buscar posibles alternativas.

Ó final de curso cada ciclo fará unha análise do estado da convivencia no centro seguindo un guión elaborado para este fin.